


“¿Queres que falemos con vagar, aquí sentados, agora que me soltaron? Non sei se haberá roca que fíe o envurullado nobelo que teño na cabeza?” Así Alberte, un militar acabado de saír do calabozo, onde fora detido detido por protagonizar un brutal episodio de violencia, inicia un longo e difícil monólogo no que intenta dar forma ao inenarrable e explicarlle á súa irmá como chegou a converterse no que agora é: un alcohólico, un maltratador, un descoñecido que a todos dá medo. Non pretende facer confesións, tampouco quere xustificarse. Recoñece o monstro que habita nel e nada espera da comprensión allea; mais, se cadra coma un acto de valentía, o derradeiro do que se sinte capaz, saca á luz uns recordos dos que xamais falara, mais que o atormentan des que, quince anos atrás, a súa compañía fora destinada á guerra dos Balcáns para levar alí a cabo unha desas misións que, modernamente, se dan en chamar “humanitarias”. Despois, ao seu regreso, xa nada fora igual. Alberte, dalgún xeito, morreña en lugoslavia.

O relato das súas experiencias, un crescendo de espancamento e embrutecemento que o conduce cara á autodestrución, intercaláse na obra cos capitulos dedicados a outra narración, en terceira persoa, centrada esta no personaxe da irmá e nas complica-

Alento de veracidade

Do que omiten os telexornais

DOLORES MARTÍNEZ TORRES



das
r e l a -
c i o n e s d e f a m i -
lia. Vítima dun pai mal-
tratador e odioso, Alberte termi-
na por repetir o mesmo comporta-
mento que despreza.

O discurso do protagonista, dota-
do dun convincente alento de vera-
cidade, resulta á vez, documentado

e emotivo: con sobrio rea-
lismo, reflicte a cruidade e o absurdo do día a día na
base española, as penurias dos cascos azuis e a feroci-
dade dos bandos confronta-
dos, ao tempo que debuxa un retrato do sufri-
miento dos afectados polo
estrés post-traumático.

Neste caso, un mozo do
Courel que cumplira en
Bosnia vinte anos. Velaquí o que omiten os telexornais
o que a épica hipócrita –“sodes forzas de paz, non
tedes inimigos”– agocha baixo a alfombra. Ben acaí-
da na forma e no tratamento do conflito, a novela posúe
unha forza comparable a dou-

*Unha descarnada
ollada sobre o rostro
obsceno da guerra*

etros clásicos de parecido tema. Proporciona unha ollada descarnada sobre o rostro obsceno dunha guerra que, no seu momento, acaparou portadas e conversas e abarrotou de expertos as tertulias e que, como tantas outras, esvaise no tempo; pero, sobre todo, fai que non esquezamos as consecuencias que, ainda hoxe, proen nas súas vítimas e mesmo provocan (“colateralmente”, coma tamén se di) outras novas.

MARCOS, Xesús Manuel, *O bebedor de rakia*, Ed. Xerais, Vigo, 2011,
PVP 16,15 €